

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2022-2023

CEIP. GREGORIO SANZ RIBADEO

P.X.A. CENTRO: CEIP GREGORIO SANZ Curso 2022/2023

Pax 1 de 74

Esta Programación Xeral Anual foi elaborada polo equipo directivo do centro tendo en conta as propostas formuladas polo Consello Escolar e a información previa do Claustro de Profesores. Foi avaliada en Claustro celebrado con data 28/11/2022 e polo Consello Escolar con data 28/11/2022 e aprobada pola directora.

A DIRECTORA.-

A SECRETARIA.-

Asdo./ Lourdes Marqués Espina

Asdo.Miryam González Rodríguez

ÍNDICE

- 1.-DATOS XERAIS DO CENTRO
- 2.-OBXECTIVOS XERAIS
- 3.-ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS
- 4.-ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
 - 4.1.- Equipo Directivo
 - 4.2.- Órganos de coordinación docente
 - 4.3.- Calendario de reunións
- 5.-HORARIO LECTIVO DO CENTRO
- 6.-ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS
- 7.-QUENDAS DE MESTRES ENCARGADOS DA VIXIANCIA DOS RECREOS
- 8.-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS POR PARTE DE PERSOAS ALLEAS Ó CENTRO.
- 9.-PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
- 10.-PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA
 - 10.1.-Medidas en relación coas familias e ANPA
- 11.-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
 - 11.1.-Evacuación
 - 11.2.-Coordinadores
 - 11.3.-Avaliación
 - 11.4.-Plan de autoprotección do Centro
- 12.-PERIODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL
- 13.-PLAN DE ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE
- 14.-ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS
 - 14.1.-Transporte escolar
 - 14.2.-Comedor escolar
- 15.-PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO
- 16.-PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS E PLANS
- 17.-LIÑAS DE FORMACIÓN
- 18.-BIBLIOTECA ESOLAR
- 19.-TAREFAS EXTRAESCOLARES

20.-PROXECTO LINGÜÍSTICO

21.-LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

Legislación onde se reflicten os apartados que deberán aparecer na PXA:

- Decreto 374/1996 (Art.98)
- Orden do 22 de xullo de 1997 CAP I (Apdo.3)
- Decreto 79/2010
- Decreto 229/2011 (Art.11.4 e 11.5)
- Orde do 12 de maio de 2011
- Decreto 155/2022 do 15 de setembro
- Decreto 150/2022 do 8 de setembro
- Decreto 8/2015 (Art.11.5)
- Resolución do 12 de abril de 2019
- Orde do 8 de setembro de 2021
- Resolución 19 de setembro 2022
- Plan director para a convivencia
- Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023
- Instrución 2/2022 do 1 de xuño sobre comedores escolares
- instrución conxunta 1/2022, sobre a xestión do servizo de transporte
- Orde de calendario 2022-23
- Protocolo de Protección de datos persoais, setembro 2022

1.-DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de centro..... Público de Infantil e Primaria.
Denominación oficial..... CEIP . “ Gregorio Sanz”
Código do centro..... 27010891
Provincia..... Lugo Enderezo..... Avda. De Luarca 1
Ribadeo - Lugo
Código Postal..... 27700
Teléfono 982 87 07 03 / 982 87 07 04 / 982 87 07 05
Fax 982 -87 07 06
N.I.F..... Q-2768022 B

Contas bancarias :

Abanca:ES15 2080-0140-19-3040002425
Caixa Bank: ES5721004949692200105547

Dirección de correo electrónico: ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipgregoriosanz/>

2.-OBXECTIVOS XERAIS

Conseguir o funcionamento coordinado de todos os sectores do Centro, para o curso escolar 2022/23.

*Promover en todo o centro tres tipos de **obxectivos organizativos**:

1. Os que teñen que ver co mantemento da saúde de toda a comunidade educativa, medidas hixiénico sanitarias e de protección, de acordo coas instrucións ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023; mellores condicións de espazo e limpeza, quendas de recreos e comedor, entradas e saídas, etc..., tal e como se recolle na circular informativa de principio de curso.

2.Obxectivos específicos de cohesión do alumnado,profesorado, familias e persoal do centro, atendendo ao necesario apoio que se necesite para afrontar ás distintas situacións persoais que se vaian dando ao longo do curso.

3. Dinamizar de forma saudable as relacións de convivencia entre os membros da comunidade educativa.

*Promover e impulsar as relacións do Centro coas familias, outros Centros e outras Institucións.

OBXECTIVOS DO PLAN XERAL

OBXECTIVOS DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

*Dar información sobre cursos e seminarios de perfeccionamento do profesorado, sobre cuestións sindicais e sobre a publicación de novas normativas.

*Potenciar actuacións co educativas e integradoras das diferencias individuais tendo en conta as necesidades específicas de cada alumno/a nesta situación de pandemia.

*Impulsar accións de sensibilización co respecto polos outros. Uso de máscaras en toda a primaria e infantil.

*Continuar levando a cabo no centro o PFPP

*Mellorar a competencia dixital do alumnado. Aulas E-DIXGAL en quinto e sexto de educación primaria, Digicraft e posta en funcionamento do proxecto de Polos Creativos, para todo o alumnado.

*Desenvolver a competencia lingüística en inglés do alumnado a través das sección bilingües na área de plástica en 2º de E. primaria e plurilingüe en 1º de Primaria.

*Continuar coa organización nas entradas e saídas, facendo operativas tres entradas/e tres saídas , unha quenda de recreo e unha de comedor, optimizando todos os recursos persoais e materiais para propiciar unha labor co rigor preciso para o desenvolvemento do funcionamento do centro tanto na actividade docente como no uso dos servizos educativos complementarios.

*Fomentar nos alumnos a capacidade de reflexión, análise e síntese.

*Reforzar a globalización e interdisciplinabilidade no tratamento das diversas áreas do currículo, a fin de dar lugar a asimilación de contidos significativos susceptibles de levar á práctica cotiá.

OBXECTIVOS CURRICULARES

*Fomentar a adquisición de hábitos de estudo e traballo.

*Potenciar a valoración do estudo e coñecemento das linguas oficiais da cultura e as tradicións propias da zona.

***Potenciar actitudes de respecto cara a si mesmos e de cara a outras persoas valorando adecuadamente as diferenzas e fomentar actitudes cívicas respecto dos espazos, normativas e obxectos do Centro.**

3.-ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO
CURSO 2021/22
CEIP Gregorio Sanz

NEE	Ámbitos	EI3	EI4	EI5	1º	2º	3º	4º	5º	6º	Observacións
Discapacidade	Motórica	-	-	-	-	-	-	-	1	-	
	Sensorial	-	-	-	-	-	-	-		6	
	Intelectual	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
	Síndrome de Down	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
	TEA	-	1	-	-	-	-	-	-		
Trastorno de conduta	Negativismo desafiante	-	-	-	-	-	-	-	-		
	Conduta disocial	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
	Comportamento disruptivo	-	-	-	-	-	-	-			
Audición e Linguaxe			4	1	1	6	5	4	5	8	
Pedagogía Terapéutica		-	1	-	-	5	5	3	3	8	

NEAE	EI3	EI4	EI5	1º	2º	3º	4º	5º	6º	Observacións
Dificultades específicas de aprendizaxe	-	-	1	-	1	1	2	2	2	
TDAH	-	-	-	-	-	1	1	2	2	
AACC	-	-	-	-	-	-		5	-	
Incorporación tardía	-	1	-	-	-	-	-	2	-	
Situacións desfavorables por condicións persoais/familiares	-	-	-	-	-	-	1	-	1	

4.-CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

4.1Equipo directivo

Cargo	Nome e apelidos	Período de nomeamento
Director/a	LOURDES MARQUÉS ESPINA	01/07/2021 a 30/06/2025
Xefe/a estudos	Mª JOSÉ GAYOSO RÍO	01/07/2021 a 30/06/2025
Secretario/a	MIRYAM GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	01/09/2022 a 30/06/2025

4,2 Órganos de coordinación docente

CICLO EDUCACIÓN INFANTIL	1º e 2º E.PRIMARIA	3º e 4º DE E.PRIMARIA	5º e 6º DE E. PRIMARIA
Coordinadora: ANA GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ	Coordinadoras: Mª Jesús de Lamas Rañón: 1º nivel Marta Castelao Rolle: 2º nivel	Coordinadoras: Marta Álvarez Millares: 3º nivel Marta Comesaña Gato: 4º nivel	Coordinadoras: Ana Isabel Carbajales Cerdeira: 5º nivel Ana Belén Martínez Rodríguez: 6º nivel
Membros: Emilia Cao Fernánd. Concepción Sanjurjo Ana Gutiérrez Fdez. Sonia M.Cupeiro F. Yolanda Fernández Mª Jesús López L. Socorro G. Cuadrado Mª José Gayoso Río Carla Mº Aneiros P. Cristina V.Lom.Díaz	Membros: Mª Jesús de Lamas R. Vanesa Rguez.Rivas Marta Castelao Rolle Mª Teresa G.Menénd. Mª Jesús Insua Quirog Miriam Matamoros C. Mª Cristina O.Arriví	Membros: Marta Álvarez Millares J.Ramón Loureiro Rico Marta Comesaña Gato Lydia Fernández García Miryam González Rguez. Mª Tesera García López Jorge López Cortés	Membros: Ana I.Carbajeles Cerdeir Belén López Rodríguez Ana B.Mtnez.Rguez. José Luis Posada Fdez. José Mª Rañón Moirón Cristina Fdez. García Lourdes Marqués Espina Isabel Darriba Prieto
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAES.	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

<p>Presidente: Lourdes MARQUÉS ESPINA</p> <p>Secretario: MªCristina OTERO ARRIVÍ</p> <p>Membros: Lourdes MARQUÉS Mª José GAYOSO Cristina V.LOMB.DÍAZ Mª Teresa G. LÓPEZ Cristina FDEZ.GARCÍ Carla Mª ANEIROS P. Mª Cristina O.ARRIVÍ Ana GUTIÉRREZ Fdez Mª Jesús d.LAMAS R. Marta CASTELAO R. Marta ÁLVAREZ M. Marta COMESAÑA G. Ana I.CARBAJALES C Ana Belén MARTÍN.R.</p>	<p>José Coordinador: Marta CASTELAO ROLLE</p> <p>Membros: Socorro G. CUADRADO Mª Jesús LÓPEZ L. Sonia CUPEIRO FALC. Cristina V.LOMB.DÍAZ Carla Mª ANEIROS P. Mª Jesús d.LAMAS R. Vanesa RGUEZ RIVAS Marta CASTELAO R. Mª Teresa G. LÓPEZ J.Ramón LOUREIRO R. Lydia FDEZ.GARCÍA Ana Isabel CARBAJ.C. Ana Belén M.RGUEZ J. Mª RAÑÓN MOIRÓN</p>	<p>Coordinadora: Marta ÁLVAREZ MILLARES</p> <p>Membros: Emilia CAO FDEZ. Mª Concepción SANJUR. Ana GUTIÉRREZ FDEZ Yolanda FERNÁNDEZ L. Mª José GAYOSO RÍO M.Jesús INSUA QUIR. MªTeresa G. MENÉNDEZ Miriam MATAMOROS C Mª Cristina O.ARRIVÍ Marta ÁLVAREZ MILLAR. Marta COMESAÑA GATO Miryam GONZÁLEZ R. Jorge LÓPEZ CORTÉS José Luis POSADA FDEZ. Isabel DARRIBA PRIETO Lourdes MARQUÉS E. Cristina FDEZ.GARCÍA</p>	<p>Jefa De Departamento: Cristina V. LOMBARDEO DÍAZ</p> <p>Membros: Lourdes MARQUÉS E. Mª José GAYOSO RÍO Mª Teresa GARCÍA LÓP. Cristina FDEZ.GARCÍA Carla Mª ANEIROS P. Mª Cristina O.ARRIVÍ Ana GUTIÉRREZ FDEZ Mª Jesús d.LAMAS RAÑÓN Marta CASTELAO ROLLE Marta ÁLVAREZ MILLAR. Marta COMESAÑA GATO Ana Isabel CARBAJ.C. Ana Belén M. RGUEZ</p>
--	--	--	---

4.3-Calendario de reunións

1º LUNS:

1ª SESIÓN: 16:00-17:00 H. Tutoría dos pais/ nais (preferiblemente de forma telemática)

2ª SESIÓN : 17:00-18:00 H. Equipos de nivel.

3ª SESIÓN: 18:00-19:00 H. Dinamizacións. Proxectos de Formación.

2º LUNS:

1ª SESIÓN: 16:00-17:00 H. Tutoría dos pais/ nais

2ª SESIÓN: 17:00-18:00 H. Reunións Equipo ACE/ Dinamización Lingüística.

3ª SESIÓN: 18:00-19:00 H. Dinamizacións.

3º LUNS:

1ª SESIÓN: 16:00-17:00 H. Tutoría dos pais/ nais

2ª SESIÓN: 17:00-18:00 H. Reunións CCP. Traballo individual tutoría/especialidade.

3ª SESIÓN: 18:00-19:00 H. Dinamizacións. Proxectos de formación.

4º LUNS:

1ª SESIÓN: 16:00-17:00 H. Tutoría dos pais/ nais

2ª SESIÓN: 17:00-18:00 H. Reunións Departamento de Orientación. Traballo individual tutoría/especialidade.

3ª SESIÓN: 18:00-19:00 H. Dinamizacións. Proxectos de Formación.

As reunións de Claustro, Consello escolar, xuntas de Avaliación,... levaranse a cabo despois das 16 horas de luns a venres .

Todo o profesorado permanecerá no Centro desde as 09.15h, nos postos asignados de garda (entradas, corredores, aulas) e na clase que corresponda para a recepción do alumnado, así como haberá profesorado de garda desde as 14:30 h ata as 14:45h para a atención de calquera incidencia que se poidese producir nesa franxa horaria.

5.- HORARIO LECTIVO DO CENTRO

Horario lectivo	De mañá
Luns	De 9:30 a 14:30
Martes	De 9:30 a 14:30
Mércores	De 9:30 a 14:30
Xoves	De 9:30 a 14:30
Venres	De 9:30 a 14:30

Distribución horaria por sesións	
1ª sesión	De 9:30 a 10:20
2ª sesión	De 10:20 a 11:10
3ª sesión	De 11:10 a 12:00
4ª sesión	De 12:30 a 13.40
5ª sesión	De 13:40 a 14:30
Horario de lecer	
	De 12:00 a 12:30

Comedor
De 14:30 a 16:00

6.-ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS

Diferenciamos 3 portas de acceso ao colexio:

- Porta principal (alumnado de Infantil, 1º e 2º de E.Primaria)
- Cancela grande (alumnado de 3º e 4º de Primaria)
- Cancela do comedor (5ºe 6º de Primaria)

No control de entradas e saídas insistimos na presenza da Policía local do Excmo. Concello de Ribadeo co fin de controlar o tránsito e a seguridade no acceso ao centro.

ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS

- O alumnado de Infantil:

- Hora oficial de entrada: 09:30h.
- Poderá vir acompañado dun adulto, accederá pola porta principal peonil ata a porta de entrada á zona de infantil e serán recibidos polo profesorado de garda . Unha vez entregado o alumnado, os adultos deberán abandonar o centro.

- O alumnado de Primaria:

- Hora oficial de entrada. 09:30h.
- Poderán entrar cara as aulas a partires das 09.15h, sendos recibidos nas portas de acceso por profesorado de garda e nas aulas por profesorado que imparta clase na primeira sesión.
- As entradas serán de xeito gradual accedendo ás aulas polas portas asignadas a cada nivel e seguindo os percorridos habituais.
- Permítese a entrada de pais e nais de 1º de primaria non transportao que agardarán na zona de espera da porta principal, debendo abandonar o recinto o antes posible.

ORGANIZACIÓN DAS SAÍDAS

- Utilizaranse as mesmas portas de acceso para a saída e para a entrada.

- O horario das saídas é o seguinte:

* 14:30h saen os que non usan o servizo de comedor,

* 15:30h saen os que traen autorización asinada e son recollidos por persoa autorizada, (este horario de saída é voluntario por parte das familias, dado que a hora oficial de saída é ás 15:45h),

* 15:45h horario oficial para todos os que usan transporte e o resto do alumnado.

* 16:00 a 17:00h de martes a venres, hora de saída do alumnado que faga uso deste servizo de Biblioteca, impartido polo profesorado do Centro.

- **O alumnado de Infantil** será recollido polo pai, nai, persoa autorizada ou acompañantes de transporte, na porta de infantil.

O resto de **alumnado transportado**, será recollido polos acompañantes de transporte na mesma porta.

-**O alumnado de Primaria** que non fai uso do comedor escolar será entregado ás familias/persoa autorizada, polo mestre da última sesión na porta principal (peonil).

O resto do alumnado, tanto os que traen autorización asinada para a saída ás 15:30h, como para os que saen ás 15:45h, farano de xeito gradual pola porta que corresponda e seguindo os percorridos habituais.

Aquel alumnado que teña autorización para saír sen acompañante, deberán ter entregado escrito, que se arquivará no seu expediente.

Unha vez que remata a xornada lectiva, o alumnado debe abandonar o Centro, sendo responsabilidade da familia, calquera eventualidade ou incidencia que poida ocorrer dentro do recinto escolar, agás o alumnado que estea a cargo de profesorado no horario de Biblioteca ou dos monitores de actividades extraescolares xestionadas pola ANPA.

7.-QUENDAS DE MESTRES ENCARGADOS DA VIXIANCIA DOS RECREOS

Infantil:

Establécense as zonas tal como se viña facendo antes da pandemia

-3 anos A/B Zona de xogos (patio de 3 anos)

-4 anos e 5 anos A/B paso peonil e patio a Pereira indistintamente..

Primaria:

- **1º, 2º e 3º de Primaria** saen ó patio pola porta Sur e á hora de entrada acceden ´pola mesma porta facendo filas por niveis con o mestre ou mestra de garda, para ser recollidos polo mestre/a que teña clase despós do recreo.

- **4º, 5º e 6º de Primaria** saen pola porta Norte accedendo ´pola mesma á hora da entrada, en filas por niveis, para ser recollidos igualmente polo mestre ou mestra que teña clase despós do recreo.

Os titores e titoras así como os mestres e mestras de garda organizarán as filas, evitando tempos de espera innecesarios que poidan retrasar a entrada ás aulas, así como impedindo carreiras polos corredores e controlando os aseos por grupos de alumnos/as.

O alumnado non pode permanecer na aula á hora do recreo sin mestre/a ó seu cargo.

Establécense 2 quendas de recreo para o profesorado, que rotarán cada día, habendo un mestre/a de garda de substitución para cada quenda.

QUENDA A

PATIO DE INFANTIL 3 ANOS :

MILUCHA – SOCO

PATIO DE INFANTIL 4-5 ANOS:

ANA GUTIÉRREZ - YOLANDA - MIRIAM

PATIO DE 1º E 2º ED. PRIMARIA:

VANESA - MARTA CASTELAO

PATIO DE 3º E 4º ED. PRIMARIA

MARTA ÁLVAREZ– ISABEL DARRIBA

PATIO DE 5º E 6º ED. PRIMARIA

ANA CARBAJALES - ANA BELÉN – JOSÉ MARÍA

SUBSTITUCIÓN (QUENDA A)

CRISTINA VANESA

QUENDA B

PATIO DE INFANTIL 3 ANOS:

CONCHITA – BELÉN

PATIO DE INFANTIL 4-5 ANOS

SONIA- CHUS LÓPEZ – CARLA

PATIO DE 1º E 2º ED. PRIMARIA:

MARÍA DE LAMAS - JORGE

PATIO DE 3º E 4º ED. PRIMARIA:

JOSÉ RAMÓN - LYDIA

PATIO DE 5º E 6º ED. PRIMARIA:

CHUS INSUA- JOSE LUIS – CRISTINA FDEZ.

SUBSTITUCIÓN (QUENDA B)

CRISTINA OTERO

Así mesmo haberá 3 mestras que farán a garda de recreo na Biblioteca, durante 2 días á semana, que traballaran conxuntamente para organizar o traballo pendente da Biblioteca e controlar o personal do voluntariado de lectura unha vez se poña en marcha.

Marta Comesaña- María Teresa García López-María Teresa García Menéndez.

Neste curso académico recupérase o empréstimo no recreo, así como o uso da Biblioteca por parte do alumnado, tendo en conta a seguinte orde:

Luns: alumnado voluntario

Martes: 1º ciclo + voluntarios

Mércores: 2º ciclo + voluntarios

Xoves: 3º ciclo + voluntarios

8.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS POR PARTE DE PERSOAS ALLEAS Ó CENTRO: criterios para o seu uso.

En canto ó uso das instalacións do Centro por parte do Concello, acórdase en consello Escolar dar prioridade ás actividades realizadas pola ANPA, unha vez vista a programación de ditas actividades decídese tamén aceptar as solicitudes do Concello, sempre de acordo as seguintes condicións, estipuladas en Consellos anteriores:

- Que a entidade, asinante da solicitude, exerza como responsable das actividades, asumindo todos aqueles desperfectos, facéndose cargo dos gastos derivados, se fose o caso, de tal uso e comprometéndose a entregar as instalacións interiores e exteriores solicitadas nas condicións en que foron recibidas e , polo tanto, aptas para o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- Entregar no Centro, por parte da entidade solicitante, copia cotexada do seguro de responsabilidade civil a favor do Centro.
- Que sexan actividades sen ánimo de lucro.

- Nomeamento dunha persoa responsable das instalacións durante a realización das actividades solicitadas.
- O Centro fará entrega das chaves á entidade solicitante, neste caso ó Concello, quen se responsabilizará do peche e apertura das instalacións no desenvolvemento das actividades solicitadas.
- Unha vez finalizadas as actividades e comprobado o estado das instalacións, determinarase a concesión na cesión do uso das mesmas en vindeiras edicións.
- O uso das instalacións solicitadas implica a aceptación destas condicións.
- Darase traslado a Xefatura Territorial, que en último termo aprobará, se procede, o uso das instalacións.

9.- PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Obxectivos específicos	Actividades previstas	Recursos	Temporalización
Organizar actividades	Reunións de CCP	Horario de liberación semanal	Todo o curso
Coordinar conmemoracións	Reunións de EAEC	Horario de liberación semanal	Todo o curso
Coordinar actividades propostar polo ANPA	Reunións coa ANPA	Horario de liberación semanal	Todo o curso
Organizar a decoración do centro	Reunións de EAEC	Horario de liberación semanal	Todo o curso

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

TRIM	DATA	CURSO	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
P R I M E I R O	Setembro	Todos	Xornada de Benvida	Colexio
	Setembro	Primaria	Ler conta Moito (Teatro)	Profesorado do nivel ou ciclo
	Outubro	Todos	Samaín/ Halloween	Colexio
	Outubro	Todos	Día Biblioteca	Colexio
	Outubro	Segundo E.P	Día da saúde mental: Obradoiro vilas cuidadoras	Profesorado do nivel
	Outubro	Todos	Mesa de outono: Día mundial da alimentación	Colexio

Outubro	Sexto E.P.	Educación sexual na E.P.	Profesorado do nivel
Outubro	Cuarto E.P.	Visita a Tropic Gaia. Cultivo ecolóxico	Profesorado do nivel
Novembro	Quinto e sexto de E.I e de primeiro a cuarto de E.P.	Teatro persoas afectadas de enfermidade mental. Teatro	Profesorado do nivel
Novembro	Quinto e sexto E.P.	Vexo, vexo Xacobeo: Viaxe cultural a Santiago	Profesorado do nivel
Novembro	Todos	Magosto	Colexio
Novembro	Todos	Día Universal da Infancia	Colexio
Novembro	Todos	Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Colexio
Decembro	Todos	Constitución e Estatuto de Autonomía	Colexio
Decembro	Todos	Día Internacional das persoas con Discapacidade	Colexio
Decembro	Todos	Día Universal dos dereitos Humanos	Colexio
Decembro	Todos	Nadal	Colexio
Sen determinar	Por niveis	As propostas polo Concello e/ou organismos oficiais sempre que se adapten en contido ás idades do alumnado e sexan de interese.	Profesorado do ciclo ou nivel

TRIM	DATA	CURSO	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
	Xaneiro	Todos	Día Internacional da Educación	Colexio
	Xaneiro	Todos	Día Escolar da no Violencia e da Paz	Colexio
	Febreiro	Todos	Entroido	Colexio
	Marzo	Todos	Día Internacional da Muler	Colexio
	Marzo	Todos	Día Mundial dos Dereitos do Consumidor	Colexio
	Marzo	Todos	Semana da Prensa	Colexio
	Sen determinar	Por niveis	As propostas polo Concello e/ou organismos oficiais sempre que se adapten en contido ás idades do alumnado e sexan de interese.	Profesorado do ciclo ou nivel

TRIM	DATA	CURSO	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
T E R C E I R O	Abril	Todos	Día Mundial da Saúde	Colexio
	Abril	Todos	Semana do Libro	Colexio
	Abril	6º	Excursión fin de curso	Colexio
	Maio	Todos	Día Internacional contra o Acoso Escolar	Colexio
	Maio	Todos	Día de Europa	Colexio
	Maio	Todos	Revista Escolar ORBALLO	Colexio
	Maio	Todos	Semana das Letras Galegas	Colexio
	Xuño	Todos	Día Mundial do Ambiente	Colexio
	Xuño	Todos	50 aniversario do Gregorio Sanz	Colexio
	Xuño	Todos	Fin de Curso	Colexio
	Sen determinar	Por niveis	As propostas polo Concello e/ou organismos oficiais sempre que se adapten en contido ás idades do alumnado e sexan de interese.	Profesorado do ciclo ou nivel

En principio as actividades referidas ás conmemoracións reflectidas no calendario escolar, realizaranse a nivel aula.

10.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

ANPA “A FAXARDA”
Ceip Gregorio Sanz
27700- RIBADEO (Lugo)
anpa.faxarda.cgs@hotmail.com

PROPOSTA DE ACTIVIDADES 2022-2023 “ANPA A FAXARDA”

A actual Directiva da ANPA “A FAXARDA” persegue consolidar sinerxias dentro da comunidade educativa.

As nosas accións conxuntas e coordinadas teñen o fin de construír un espazo onde as familias nos sintamos escoitadas e apoiadas.

Os nosos obxectivos, igual que no curso 2021-2022 , son:

☑ Organizar , programar e dirixir actividades extraescolares e extracurriculares e levar a xestión administrativa e económica das mesmas.

☑ Tecer e fortalecer redes robustecendo a comunidade educativa

☑ Ofrecer apoio e seguridade ás familias ante as dificultades e/ou conflitos

☑ Contribuír á educación transversal e extramuros do alumnado

☑ Ofrecer posibilidades de conciliación laboral

☑ Defender a escola pública, de calidade en galego

☑ Ser canle de comunicación asertiva e constructiva entre as familias e o colexio.

Actividades de continuación para o ano 2022/2023

☑ **PROGRAMA CONCILIADOR: “Bos Días/Boas Tardes”**

Servizo cunha asistencia media de 32 nen@s por día.

Horarios: dende as 7:30 da mañá ata as 9:30 e dende as 15:45 ata as 18:00.

Ferramenta imprescindible para facilitar vida laboral e familiar para un bó número de familias.

A planificación na atención contemplan a intervención en alimentación saudable e vida sá.

É un espazo seguro onde se fomenta a empatía, a asertividade e os coidados mutuos.

Coidadoras/Responsables: Marita Expósito Martínez (titulada en CFGS de Educación Infantil) e Naomi Álvarez Lillo.

📁 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- Manualidades
- Inglés
- Informática
- Diverciencia
- Robótica
- Teatro
- Cociña
- Reforzo escolar

Como ANPA esforzámonos na búsqueda de alimento para a asertividade e a empatía; o noso principal obxectivo é que as extraescolares sirvan como piar e estímulo nas habilidades sociais.

Complementan, de esta forma, a actividade escolar cunha base lúdica respectando sempre as habilidades das crianzas

Teñen unha base lúdica respectando as habilidades das crianzas.

📁 AUTOBÚS ESCOLAR URBANO:

Neste momento utilizado por 69 usuarixs.

Mantemos a colaboración para asegurar o funcionamento das dúas liñas urbanas.

Actividades extraescolares de nova incorporación curso 22-23

- Fútbol sala
- Baloncesto
- Patinaxe
- Defensa Persoal
- Zumba kids

Apostamos firmemente por actividades deportivas que promovan o traballo en equipo e tamén a expresión emocional a través do movemento intentando minimizar a competitividad.

- Xadrez
- Lingua de Signos
- Combo 4 (Cociña, NaturArte, Diverciencia e Art-Attack)

Apoiamos con decisión aquelas actividades que fomentan a creatividade e a imaxinación para aportar benestar emocional a través de arte, planteamento de problemas e ferramentas de comunicación

Campamentos conciliación Nadal

30 prazas.

Prezos: Soci@s 35 €, Non soci@s 64€ por semana

Horario de 9 a 14:00 con posibilidade de ampliación

Obxectivos:

- Facilitar conciliación
- Crear un espazo de aprendizaxe mediante o xogo.
- Promover a educación en igualdade e corresponsabilidade
- Actividades planificadas ao abeiro da axenda 2030 (desenvolvemento sostible) : creación

e/ou incrementación de conciencia ecolóxica

Plan de acción 2022-2023

O noso proxecto vertebrarase a través de 4 eixos

- IGUALDADE / COEDUCACIÓN

Solicitamos a FAPACEL todas as actividades destinadas á prevención da violencia de xénero e a crear conciencia crítica contra estereotipos de xénero e contidos sexistas; intentamos intervir en todos os cursos de Infantil e Primaria. Repetiranse as dinámicas de educación afectivo-sexual dirixidas por matronas para 6º de Infantil e extenderanse a primaria

- NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA / LINGUA GALEGA

☑ Tramitada subvención para realizar actividades ca colaboración do Centro de Ocio Infantil Con Sentidiño poñendo en valor o noso patrimonio inmaterial. As actividades pivotarán sobre os xogos tradicionais e a literatura popular infantil de tradición oral

☑ Todas as nosas publicacións, accións e contidos manteñen a nosa lingua como eixe

- ECOLOXÍA, MEDIO AMBIENTE, CONSUMO RESPONSABLE

Solicitada a participación na actividade formativa da Deputación de Lugo **“Da Escola á Granxa”**

1. Tropic Gaia (Xove). (24 de outubro 4º de Primaria)

Consiste en visitas ás granxas/proxectos de emprendemento rurais de productorex locais para coñecer o funcionamento dos mesmos, os cuidados, o manexo...o ciclo productivo completo.

→ **Da Escola á Granxa** ten como obxectivo dignificar e poñer en valor o traballo d@s nos@s agricultorxs; que a rapazada coñeza o papel fundamental do sector primario para:

- conservar a biodiversidade no noso territorio,
- manter a paisaxe e
- coidar da tradición agraria

As nosas terras están cargadas de posibilidades e contribuímos deste xeito ao alonxamento do estigma social e a baixa autoestima que lastran o noso rural.

- INTELIXENCIA EMOCIONAL/RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

☑ Actividades de sensibilización do alumnado en aceptación e integración da diversidade.

Diversidade en todas as súas caras, e a súa posta en valor como elemento de suma, de capacidades e cualidades diferentes, que nunca inferiores.

→ **“Un camiño para o recordo”** (teatro afeccionado), posta en escea a cargo da

Asociación de Axuda ao Enfermo Mental A Mariña. 8 de Novembro 12:30. 5º e 6º infantil, 1º, 2º, 3º e 4º primaria

☑ Talleres de Intelixencia Emocional en todos os cursos, con sesións para familias, co obxectivo de acadar unha xestión emocional eficiente e desenrolar estratexias que melloren as interaccións sociais e a resolución de conflitos

☑ Creación de entornos de bós tratos, de cooperación e inclusión.

Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais así como acadar unha convivencia saudábel e inclusiva para todxs.

→ Participación activa no proxecto CONVIVE do colexio que busca deseñar espazos

que doten de oportunidades de integración a todo o alumnado independentemente do xénero e das súas características persoais.

Iniciarase en Primaria para extendelo a Infantil.

Como ANPA comprometémonos a:

1. elaborar enquisas entre familias e alumnado para recabar feedbacks sobre o impacto dos patios dinámicos

2. colaborar na transformación dos espazos: paredes e chans creativos (man de obra)
→ Posta en marcha de actividade para identificar diferentes formas de violencias como problema social e así proporcionar un atmósfera educativa saudábel
A dinamización da mesma integrará compromisos de construción de ambientes de bós tratos: afectos, coidados mutuos, atención e apoio. Insistirase en formas de relación que xeneren satisfacción e benestar entre quenes interactúan.
Para o desenvolvemento das nosas accións recurriremos a fondos propios, ás actividades que desenrola FAPACEL, accións e recursos da Deputación de Lugo, así como subvencións da Xunta de Galicia.
A través das nosas escollas e feitos forneceremos o proxecto educativo do CEIP sobre a vila de Ribadeo; así como cooperaremos nos actos de celebración do 50º aniversario , facendo fincapé en valorizar a figura do profesor Gregorio Sanz Garcí

Información por escrito ás familias sobre o resultado da avaliación:

	DATA DE ENTREGA DE BOLETÍNS
1ª AVALIACIÓN	21-12-22
2ª AVALIACIÓN	30-03-23
3ª AVALIACIÓN	21-06-23

11.-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Será revisado en cumprimento da normativa vixente (Decreto 171/2010 , do 1 de outubro)

11.1.- Evacuación

Simulacro de incendio, anuncio de colocación de bomba, escape de gas, aviso de ventos furacanados, terremoto, etcétera (Para adestramento e corrección de hábitos dos alumnos). O desaloxo producirase por orde de andares, primeiro a planta baixa, logo a primeira e finalmente a última, empezando polo alumnado máis próximo ás saídas.

Dez minutos para a evacuación total. Tres minutos para cada planta.

Soamente se poderá saír por dúas portas (Infantil por 2 portas, Primaria por 2 portas).

Nun caso real, habería que iniciar as accións de evacuación/protección cos medios do centro e avisar tódolos medios de salvamento posible, empezando polo servizo de emerxencias (112).

11.2.- Coordinadores

Coordinadora xeral: Lourdes Marqués Espina.

Suplente: María José Gayoso Río

Coordinadoras da planta baixa: D^a. Sonia María Cupeiro Falcón e D^a.Yolanda Fernández López.,

Coordinadoras da primeira planta: M^a Teresa García Menéndez e José Ramón Loureiro Rico.

Coordinador da segunda planta: Miryam González Rodríguez e Ana Belén Martínez Rodríguez.

Os coordinadores terán que organizar as accións para a evacuación de cada planta, que contará

con un plano coas indicacións oportunas, así como controlar o tempo de evacuación total das mesmas.

Cada porta terá un disco coa mesma cor que ten a porta da aula para facilitar a súa identificación.

A evacuación dos cursos de E. Infantil (I3A, I3B, I4 A, I4 B, I5 A e I5B) farase saíndo pola nova porta Sur de Infantil para situarse na zona verde da casa do conserxe, en orde segundo proximidade á mesma. Os grupos de 2º A/B sairán pola escaleira norte (pegados á man dereita en todo o recorrido), 3º e 4º de E. Primaria (estes dous cursos pegados á man esquerda en todo o recorrido deixando o centro libre) evacuaranse polas primeiras escaleiras e sairán polo corredor cara á porta Sur, situándose diante da casa do conserxe.

5º A/B de E. Primaria pola marxe dereita da escaleira norte, seguindo polo corredor á man esquerda e saíndo pola porta Norte situándose na zona do ximnasio. 6º A/B pola marxe dereita da escaleira e saíndo pola porta norte, 6ºC pola marxe dereita da escaleira sur, dirixíndose á parte traseira do edificio administrativo, e 1º A/B pola marxe esquerda, saíndo ao patio pola porta sur.

Cronometrarase o tempo que cada curso utilice en chegar ó sitio marcado.

O profesorado de PT e AL con aula fixa, fará a evacuación polo percorrido máis próximo á súa aula. O profesorado de PT, AL e coidadora que se atopen de apoio, farán a evacuación xunto co alumnado co que estean no momento do simulacro.

Se fose un día de moito vento, os alumnos sentarase ou deitarase no chan cando cheguen o seu punto de destino. Se houberse incendio aloxaranse o máis posible do Centro.

Puntos críticos:

Confluencia das escaleiras norte para os cursos 6º e 5º (dereita) e 2º (esquerda)

Confluencia das escaleiras sur para os cursos 3º e 4º (esquerda) e 1º (dereita).

Se o desaloxo coincidira cun conato ou incendio real na cociña estando o alumnado no comedor, en función da gravidade do mesmo e unha vez pechado o gas e a electricidade, o alumnado de infantil sairía do comedor pegado á marxe dereita e iría ata a zona de aulas de infantil, para aloxarse do colexio pola porta sur de infantil á zona verde da casa do conserxe (este é un percorrido longo, pero as alternativas son a porta do office ou ben a saída norte, pero ámbalas

dúas están moi cerca do tanque GLP). Primaria pola marxe esquerda sairía pola porta sur para o patio de infantil 4 e 5 anos. É necesaria unha nova porta no comedor para un caso de evacuación.

Se o incendio se producira nun lugar que impedira o paso por corredores ou escaleiras, habería que pechalar fiestras das aulas e selar o mellor posible as portas, facer sinais ó exterior e chamar cun móbil ás emerxencias.

Os alumnos que se atopen fóra da clase (aseo, ...) cando soe o sinal incorporaranse ó grupo que pase nese momento. Non recollerán os obxectos persoais coa finalidade de evitar demoras. No caso de que un alumno se atope nun andar distinto ó seu, incorporaranse ó grupo mais próximo que se atope en movemento de saída.

- Tódolos movementos faranse á presa, pero, sen correr, atropelar ou empurrar os demais.
- Ningún alumno/a debe deterse xunto das portas de saída.
- O exercicio de evacuación farase en silencio, con sentido do orde e axuda mutua para evitar atropelos, axudando os que teñan dificultades.
- Teñen que realiza-la evacuación respectando o mobiliario, o equipamento escolar e utilizando soamente as portas que están sinaladas para a saída.
- En ningún caso o alumno deberá volver atrás co pretexto de buscar irmáns menores, amigos, obxectos persoais, ...
- En tódolos casos (dentro e fóra) o grupo permanecerá unido. Os alumnos non poden volver atrás.
- En caso de incendio serán os coordinadores que estean máis preto os que activen os extintores.
- Deixarase o centro das portas libres para, se se da o caso de inutilización dunha porta, ós que lles corresponda saír por ela, farano polo centro da que está útil.

O profesorado que non teña clase con un grupo determinado de alumnos colaborará cos demais compañeiros, se se dera o caso de que un coordinador estivera cos seus alumnos, sería substituído canto antes por unha persoa de garda.

O profesorado que está ó cargo dun grupo encargaranse de controla-los movementos dos alumnos, evitando carreiras, empurróns, etc. Hai que ter en conta a tendencia intuitiva dos alumnos a dirixirse ás escaleiras e portas por onde saen habitualmente. Son os profesores de cada grupo os encargados de levalos por onde está indicado. Evitaranse movementos e actitudes que

incurran en comportamentos que denoten precipitación e nerviosismo.

Cada profesor deberá organizar a estratexia do seu grupo, nomeando por exemplo ós alumnos máis responsables funcións concretas, como abrir e cerrar as portas, controla-las filas e ós compañeiros, coidar que non leven obxectos persoais, etc.

En primeiro lugar actuará o persoal de cociña para pechar o gas e o conserxe para desconectar a electricidade e abrir as portas de entrada ou a persoa do centro que se atope mais cerca de non estar o conserxe.

NOTA: En xeral e para os casos de substitucións por parte dos profesores nalgún nivel que non sexa o seu ou por outras causas, efectuarán á evacuación segundo lle corresponde ó grupo no que está neses momentos. En todo caso se algunha das persoas nomeadas non está no centro, ocupará o seu posto quen a substitúa oficialmente.

11.3.-Avaliación

Finalizado o exercicio, os coordinadores inspeccionarán todo o Centro para detectar posibles anomalías con intención de corrixilas e cada profesor comentará os pros e contras, os atrancos, barreiras, etc. que dificultaron a saída dos alumnos. Cada grupo de alumnos deberá actuar sempre baixo a dirección dun profesor. Ós alumnos que se lles dera unha orde concreta responsabilizaranse de cumprilas.

- Comprobación se o plano de evacuación foi respectado.
- Medición dos tempos reais (por andares e total).
- Valoración do comportamento colectivo.
- Valoración do grao de suficiencia das vías de evacuación.
- Identificación das zonas de embotellamento e das condicións actuais do edificio.
- Identificación daqueles elementos propios do edificio, sexan fixos ou móbiles que dificultan as vías de evacuación (mobs, portas de apertura contraria, etc.)

11.4.-Plano de autoprotección do Centro

Localización das caixas de urxencias.

-A caixa de urxencias está situada no pavillón da administración, segundo se entra no corredor a man esquerda no primeiro baño. Contén material necesario para primeiros auxilios: algodón, gasas, tiritas, alcohol, auga osixenada, termómetro, iodo, pinzas, esparadrapo, tesoiras, etc. A maiores no despacho de administración do comedor, hai tres caixas de emerxencias portátiles.

- As saídas de emerxencia, (Porta norte, Porta Nova de Infantil e Porta Sur) estarán sinaladas con un disco vermello a norte para os alumnos de 2º, 5º e 6º de E. Primaria.

Con un disco azul para os alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º de E. Primaria. Pola porta Nova de Infantil sairán os alumnos de I3A/B, I4A/B e I5A/B

SISTEMAS DE SEGURIDADE.

Extintores. - Sala do conserxe, entrada na sala de profesores, caldeira , cociña e ximnasio. Ademais conta con 3 extintores (revisados e cargados cada ano en febreiro) en cada andar do edificio, dous máis no exterior a carón do tanque GLP.

- **Teléfono de emerxencia: 112**
- **Teléfono de primeiros auxilios: 061**
- **Teléfono do SERGAS en Ribadeo: 982.13.01.43**
- **Teléfono da Cruz Vermella en Ribadeo: 982.13.00.89**
- **Teléfono de información Toxicolóxica: 91-5620420**
- **Teléfono de Protección Civil en Ribadeo: 659.94.21.59**
- **Teléfono da Policía Local: 982-128662/ 689.55.00.55**
- **Teléfono da Guardia Civil: 982.12.80.48**
- **Teléfono do GRUMIR: 659.94.21.58**

En caso de enfermidade dos alumnos, o titor debe avisar á familia que recollan o alumno e

asinen a folia de saída de Secretaría. Só no caso de non atopar familiares e en función da gravidade, o titor/a ou mestre /a co/a que se atope o alumno/a chamará a emerxencias Galicia (112). En caso de que non recollan a un /ha os seus familiares, despois de pasar un tempo prudencial de xeito reiterado avisarase dende o Consello Escolar coas medidas procedentes a aplicar.

URXENCIAS CENTRO DE SAÚDE RIBADEO 982-128659

HOSPITAL DA COSTA DE BURELA 982-589900

PARADA DE TAXIS: 982-128111

ASCENSOR: 982-230491 / 91-4922297 / J. MANUEL 609616773

A ter en conta:

Recomendase facer o percorrido cos nenos con anterioridade o simulacro para que coñezan o camiño da súa aula ou de outra onde poidan encontrarse. No caso de evacuación, o profesor ha de acompañar os seus alumnos e saír o último da aula. Daralles a estes as instrucións necesarias e recollerá o rexistro de faltas de asistencia da súa clase para o posterior reconto no punto de reunión. O alumnado debe coñecer as “INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO” e ademais unhas instrucións por onde saír e de que xeito.

- É moi importante que os nenos recoñezan a sinal de emerxencia.
- Fixarse nos planos situados en cada planta. No corredor que comunica as dúas portas Norte e Sur e o Comedor apareceran todos os planos do centro.

Nos teléfonos do centro aparecen os números de urxencia ademais dunha copia do presente plan. Todo persoa deste centro (alumnos, profesores, cociñeiras, colaboradoras do comedor, coidadora, persoal de limpeza...) deberán coñecer este Plan.

Ante calquera dubida preguntar ó Equipo Directivo do Centro.

INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO:

Cada grupo de alumnos actuará sempre de acordo coas indicacións do seu profesor e, en ningún caso, seguirá iniciativas propias.

Os alumnos aos que o seu profesor lles encomendase funcións concretas deben responsabilizarse de cumprilas e de colaborar no mantemento da orde do grupo.

Os alumnos non recollerán os seus obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.

Os alumnos que ao soar a orde de evacuación se atopen nos aseos ou noutros locais, na mesma planta da súa aula, deberán incorporarse rapidamente ao seu grupo. Se se atopa nunha planta distinta á da súa aula deberá incorporarse ao grupo máis cercano ou ao que se atope en movemento de saída.

Os **alumnos** deberán realizar este exercicio en silencio e sentido da orde e axuda mutua, **para** evitar os atropelos e lesións, axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas.

Ningún alumno poderá deterse xunto ás portas de saída.

En ningún caso o alumno volverá atrás sexa cal sexa o pretexto.

En todo caso, os grupos han de permanecer sempre xuntos, sen disgregarse nin adiantarse entre eles, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, co obxecto de facilitarlle ao profesor o control dos alumnos.

Ningún alumno/a deberá deterse xunto as portas de saída.

Os **alumnos** deberán realizar esta práctica de **evacuación** respectando a moblaxe e equipamento do centro e utilizando as portas co sentido de xiro **para** o que están previstas.

No caso de que nas vías de **evacuación** existan atrancos que durante o exercicio dificulten a saída serán apartados polos **alumnos**, se fose posible, de xeito que non provoquen caídas de persoas ou deterioro do obxecto.

Pecha-las fiestras se están abertas, deixar todo o que esteamos a facer e saír en orde seguindo as indicacións que hai nas paredes, segundo a cor que lle corresponda á nosa aula.


En caso de afundimento ou explosión, nunca se debe pasar polo centro dun espazo, senón pola beira.

En caso de zonas de abundante fume, non se deben atravesar.


